

## O catálogo da Biblioteca Universitaria

O catálogo da biblioteca da UDC contén os datos bibliográficos e a localización de tódolos documentos que se atopan nas nosas bibliotecas. Actualmente a súa colección alberga aproximadamente 853.450 libros, 110.328 ebooks e 49.662 documentos noutros formatos, como mapas, DVD, etc. Conta tamén con 9.231 revistas en papel e 24.596 en formato dixital, ademáis de dar acceso a 59 bases de datos de diferentes disciplinas.

Ofrece diversas funcionalidades, entre as que destacan:

- **Novidades no catálogo:** fondos incorporados ao catálogo durante o último mes e clasificados por biblioteca.
- **Bibliografía recomendada:** coa opción de facer as buscas tanto por materia de clase como por profesor.
- **O meu rexistro:** perfil persoal do usuario que permite consultar qué documentos se teñen en préstamo, renovalos, reservar documentos que estean prestados nese momento, consultar o historial de préstamos, crear alertas de buscas ou crear listas con documentos do catálogo que lle interesen.

En canto as opcións de busca, distínguense catro tipos:

- **Busca simple:** permite atopar calquera obra a través dos distintos índices (autor, título, materia...), así como poder limitala por ubicación, ben realizando a busca no catálogo completo ou en bibliotecas concretas.
- **Busca avanzada:** é un tipo de busca máis personalizada ca anterior, podendo establecer filtros polo tipo de material, o idioma, o ano, etc.
- **Busca guiada por:** moi similar á busca simple, coa particularidade de que se mostran indicacións e exemplos de cómo encher os campos.
- **Busca de:** nesta opción pódese limitar a busca dende o comezo por teses, traballos de fin de carreira/grao/mestrado, recursos en liña, imaxes, mapas, películas ou revistas.

Máis información con exemplos mediante pantallas no [Manual de uso do catálogo](#).